

DEPARTAMENTO: FRANCÉS

MATERIA LOMLOE: 2ª Lingua Estranxeira Francés

CURSO NO QUE SE IMPARTE: optativa de oferta obrigatoria a partir de 3º de ESO

➤ **Breve descripción da materia en canto aos contidos:**

Reforzase todo o aprendido nos cursos anteriores a través da práctica de actividades e estratexias comunicativas de comprensión, produción, interacción e mediación en lingua francesa, incluíndo igualmente o proceso de reflexión sobre o funcionamento das linguas, e o fomento das actitudes abertas e do aprecio pola interculturalidade. Integrarase a preparación de probas de certificación (DELF Scolaire) e o traballo coa persoa auxiliar de conversa para acercar a realidade cultural e lingüística francófona e facilitar a expresión oral.

➤ **Metodoloxía das clases:**

A metodoloxía céntrase primordialmente no alumnado, facendo das súas necesidades o punto de partida. O obxectivo primordial será a comunicación. Darase importancia ás competencias escritas e orais. As actividades estarán baseados en material auténtico e útil para a comunicación na vida real fóra da aula. Buscarase a motivación do alumnado cunha metodoloxía amena e eficaz e propostas educativas interdisciplinares. O estudo da gramática presentarase sempre contextualizado. O proceso de aprendizaxe é cíclico, de modo que todo o aprendido se reforzará sistematicamente en niveis posteriores.

➤ **Relación desta optativa cos estudos posteriores** (estudos universitarios, ciclos superiores de formación profesional...):

Universidade : Ademais das Filoloxías, Traducción e Interpretación, grados en Linguas Modernas e Literatura, propiamente lingüísticas, en moitas outras carreiras universitarias como Xornalismo, Marketing, Relacións Internacionais, Administración e Dirección de Empresas... o coñecemento dunha segunda lingua estranxeira é un elemento diferenciador.

Ciclos formativos bilingües (con módulos formativos non lingüísticos) e ciclos formativos con módulos formativos lingüísticos : Guía, Información e Asistencias Turísticas; Axencias de Viaxes e Xestión de Eventos; Asistencia á Dirección e Dirección de Servizos de Restauración.

A acreditación dos niveis B1 e B2 en francés permiten realizar estudos nunha universidade francófona, a obtención de créditos ECTS nun grado universitario e é ademais un valor engadido para o currículo, sen esquecer que o francés é unha das linguas oficiais máis utilizadas no Parlamento Europeo.